

## ***Curtas experimentais de Andreia Costas: Deconstruíndo tabús no feminino.***

### ***Presentación:***

O pasado 25 de Maio do 2019, estreáronse tres curtas en terras galegas: “Der Gläserner Bauch”, “Der verlorene Mond” e “Wachgeküsst” no cineclube Maruja de Randufe, Tui . O interese suscitado fixo que se abriera unha fiestra para novas presentacións en Vigo.

“O ventre de cristal”, “A lúa perdida” e “O bico do despertar”, pertencen a produción “triloxía de tabús” da realizadora e poeta Andreia Costas. Englobaríase no xénero de arte e ensaio, fotogramas emocionais, que suma os decorados, elementos da cámara documental. A experimentación formal do formato é para a autora tan importante como o contido. Andreia, filla de inmigrantes galegos, tematiza na súa obra do que pode significar ter “corpo de muller” e as súas feridas familiares e socioculturais. O son tamén forma parte desta dualidade, silencios, ruído, harmonías clásicas, rap, alemán, castelán... Crítica persoal ós estereotipos sociais e familiares, na entorna galega, tentando “*deconstruír*” comportamentos que a sociedade (patriarcal) considera axeitados. As curtas propoñen un percorrido polo comportamento do eido privado e íntimo codificados pola educación laica, pero relixiosos polo seu peso ancestral, femininos por xénero biolóxico, andróxinos e transgresores na actitude intelectual.

Tamén a dicotomía de sociedades radicalmente diferentes dentro de occidente, a xermana e a galega, confróntanse na procura dunha nova linguaxe filmica en feminino. O berce audiovisual destas curta, alimentase nas artes de vangarda e o cinema experimental: Un cinema que busca outra narrativa na montaxe, e na composición, lonxe das linguaxes masculinas nos planos da cámara ou nas composicións esteticistas.. Aínda que haxa directoras, todas reproducen o esquema patriarcal no formal. (por educación e adaptación os sistemas dominantes)

Estas tres pezas de cinema experimental, recollen influencias do grupo Fluxus na súas *performances*, e outras correntes e artes plásticas: Marina Abramovic, Mara Matuschka e sobre todo a rebeldía e a irreverencia, contra o patriarcado, da cineasta alemá Birgit Hein. Estas tres propostas da triloxía, decántanse por un camiño propio propio onde a honestidade co corpo imperfecto substitúe a búsqueda da beleza, tamén no cinema.

## **Biografía: Andreia Costas (Andrea Costas Otero)**

ALEMAÑA: fotografía, cinema, multimedia, performans.

Artista *Freelance* e docente. Nada en Stockach, (Alemaña). Acada con diversas becas e premios para continuar os seus estudos.

Grao na HBK (Hochschule für Bildende Künste) de Braunschweig, Alemaña (Belas Artes). Alumna de Birgit Hein, Mara Mattuschka e Marina Abramovic.

Libre estudio de literatura na TU (Universidade de Braunschweig). Docente na Fachhochschule Wolfenbüttel FH (Ostfalia University of Applied Sciences).

Participación e nominacións en diferentes festivais de curtas e multimédia: Linz, Oberhausen, Goethe Institut, Hannover, Berlín...16 mm. (curtisimas): “H” “AH” “Strip 1”. Performance: *The Perfect Lover*. Interdisciplinario: *Media María*

Triloxía do tabú: “*Wachgeküsst*”(O bico do despertar 16mn) / “*Der verlorene mond*” (A lúa perdida 10mn) / “*Der gläserne Bauch*” (O ventre de cristal 13mn); esta última foi seleccionada como das mellores curtas alemás, amosanse en tódolos Goethe Institut internacionais. “Der Gläserner Bauch”, “Der verlorene Mond” e “Wachgeküsst”. Versións bilingües: , e , pertencen a produción “triloxía de tabús”

GALICIA: re-torno a matria no 2007, crianza, poesía, relatos, traductora, terapeuta. Estudio e praxis da Naturopatía especialidade de Osteopatía Biodinámica (Diplomada).

Coordinadora do club de lectura alemán na Biblioteca de Soutomaior (Pontevedra). Estudio, certificado, para *The Flower Essence Society* (FES) California. Baseado na terapia floral clínica.

Despertar da lingua en galego: prosa poética, micros, relatos e poemas. Publicación de “*Caderno Emocional*” polo CIG.

2019 Poema composto para o día das letras galegas adicado a Antón Fraguas, con música de Erick Feles e Abraham Fernandez. Auditorio de Bembrive. Vigo.

2019 forma parte recitais poéticos e microrelatos: “O peche do Andel” “O Díaño” “La Galería de Jazz”

2019 forma parte do colectivo “Wikimulleres” na Galipedia, no espazo compartido do Centro de Documentación Feminista da biblioteca Juan Compañel.

2019 finalista no “VII Premio de Microrrelatos Mulleres Progresistas”, *Matouno o Demo e Deus levouno*.

2019 segundo premio concedido no fin de grao “Alitera Clara” no “Café de 4 a 4”, *Inferno salgado*.

2019 accesit con publicación no volumen “IV Concurso Internacional Ellas”, *Amor fugaz con Estrella*.

*PD: Sentíame sempre entre dous mundos. A hora de ter que escoller unha nacionalidade, a española ou a alemana escollín galega, como débeda os meus antergos, eso pensaba. Pero o de certo, non é así o son porque me gusta e quero.*